

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 2 de decembro de 2009, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA RESTAURANTE ANEXA Ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-EPAZO>LAB-PARQUE DE BOMBEIROS)

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A explotación da cafetería restaurante ANEXA Ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-ESPAZO>LAB-PARQUE DE BOMBEIROS) no Concello de Lugo. O contratista deberá así mesmo equipar a cafetería-restaurante como mínimo coas instalacións e mobiliario que se indica no ANEXO II do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Prazo de execución: O prazo máximo de duración CINCO ANOS, contados a partir da acta de inicio da explotación. Así mesmo poderase prorrogar mediante acordo mutuo das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de catro anos máis, a tal efecto deberase solicitar por parte da adxudicataria a correspondente prórroga antes do remate do período contractual.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: Ver clausula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares

5.- Garantías:

a) Provisional: 1.800 €

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluido o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

MLA/rdi

Ref^a: CAFETERIA CEI-NODUS

Asunto: anuncio-

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 142,22 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 11 de decembro de 2009
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia